

OURENSE - CONVENIOS DE SECTOR – CLÁUSULAS SOBRE XORNADA - Datos a 06.02.2025

Denominación convenio	Vixencia - Ultraactividade	Cláusulas sobre xornada
COMERCIO DA PEL <i>Código 32000135011981</i> CONVENIO 2012-2013 (BOP nº 23, 28/01/2013)	Artigo 3.- Vixencia Independentemente da data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, o convenio entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2012 finalizando a súa vixencia o 31 de decembro de 2013, excepto os seus efectos económicos, que rexerán a partir do día 1 de outubro de 2012. O seu contido será prorrogable tacitamente en períodos anuais sempre que non sexa denunciado por ningunha das partes que o subscribe antes do termo da súa vixencia inicial, ou de calquera das súas prórrogas. Os requisitos formais da denuncia serán os establecidos no artigo 89 do Estatuto dos traballadores. Este convenio será de aplicación na súa totalidade ata que se asine outro que o substitúa.	Artigo 12.- Xornada A xornada laboral para a vixencia deste convenio será de 40 horas semanais. A xornada semanal será de luns a sábado, terminando a xornada ás 13.30 horas do sábado ata a sinatura do seguinte convenio, respectándose en todo caso os límites de traballo fixados para a xornada diaria e o descanso entre xornadas establecido no texto refundido do Estatuto dos traballadores, Lei 1/1995, do 24 de marzo. Como consecuencia da instalación en Ourense de grandes superficies, ambas as partes manifestan que, no caso de que o seu asentamento inflúa no comercio da pel en Ourense, reunirase a Comisión Paritaria do convenio para analizar a situación e tomar as medidas que se consideren máis idóneas para paliar a situación. Os traballadores terán dereito a tres días libres ao ano, a gozar segundo as necesidades persoais do traballador e comunicándolle a data do goce con 72 horas de antelación á dirección da empresa, sempre que disto non se derive unha diminución do persoal superior ao 40%. Permitirase unha comunicación inferior ás 72 horas cando a necesidade de seu goce veña determinada por unha causa de forza maior, (por exemplo, por falecemento dun tío ou sobriño). Excepcionalmente, as empresas que contén con dous traballadores, alternaranse no goce dos devanditos días. Fíxanse como días laborables como consecuencia da festa de Nadal e de acordo coa tradición con que se veñen facendo: - Ano 2012: os sábados pola tarde do mes de decembro (1,15,22 e 29). - Ano 2013: xaneiro (5, 12,19, 26) e decembro (7, 14, 21, 28), tendo devanditos sábados pola tarde a consideración de xornada efectiva establecida neste artigo. Os sábados da época de Nadal que se traballen pola tarde serán compensados en tempo de descanso, de modo que por unha tarde de sábado gozase media xornada completa de descanso, elixindo os traballadores a data do goce, coidando que non coincidan varios descansos á vez por cada empresa. Aqueles traballadores que realicen o seu traballo o sábado pola tarde terán dereito ao descanso equivalente e na mesma proporción ás horas traballadas ou a súa compensación económica se así o acordan entre a empresa e os traballadores.
COMERCIO DE ALIMENTACIÓN <i>Código 32000545011991</i> CONVENIO 2021 - 2024 (BOP nº 164, 20/07/2021)	Artigo 2. Vixencia A duración deste convenio será de catro anos; comezará a rexer o 1 de xaneiro de 2021 e finalizará o 31 de decembro de 2024. O convenio prorrogarase no seu contido íntegro mentres non sexa modificado por outro que o substitúa, e considerarase automaticamente denunciado unha vez rematada a vixencia prevista neste artigo.	Artigo 4. Xornada laboral. A xornada máxima de traballo queda establecida en 1.812 horas ao ano, cada empresa pode realizar unha distribución irregular en períodos de catro meses. Neste período cuadrimestral a distribución semanal poderá superar as 40 horas de traballo, co límite de 9 horas diarias. O exceso de horas traballadas compensarase nos períodos de menor traballo. Antes do inicio de cada período de distribución irregular da xornada publicarase, con 15 días de antelación, o calendario correspondente ao citado período. A distribución da xornada de traballo realizarase de maneira que os traballadores/as, con carácter xeral, coñezan como mínimo coa antelación dunha semana, a fixación do horario da semana seguinte. Os cadros horarios deberán conter como mínimo: - Horario de traballo diario do centro de traballo. - Xornada semanal de traballo de cada posto, asignando tantas quendas como sexan necesarios para a cobertura dos devanditos postos. - Os días festivos e inhábiles. - Descansos semanais e entre xornadas. - Horario de descanso (en xornadas continuadas de máis de 6 horas, 15 minutos de tempo de bocadillo como xornada retribuída.) Por causas organizativas, poderán producirse cambios na distribución da xornada dos que deberá informarse aos traballadores/as, respectando sempre os límites establecidos legalmente. Os días 24 e 31 de decembro a xornada laboral dos centros de traballo afectados por este convenio finalizará as 19:00 horas. O inventario anual que se realice nas empresas deberá quedar comprendido dentro da xornada ordinaria. Anualmente, a empresa comunicarlles aos representantes dos traballadores/as o calendario laboral que comprenderá o horario de traballo e a distribución anual dos días de traballo, festivos e descansos semanais ou entre xornadas e outros días inhábiles, tendo en conta a xornada máxima anual ou, se é o caso, a pactada. O calendario deberá expoñerse en sitio visible en cada centro de traballo. Este calendario deberá confeccionarse nos dous primeiros meses do ano. Artigo 20. Descanso semanal Os/as traballadores/as afectados/as por este convenio terán dereito a un descanso semanal de día e medio, que, como regra xeral, comprenderá a tarde do sábado ou, no seu lugar, a mañá do luns e o día completo do domingo, salvo que mediante un acordo entre a empresa e os traballadores/as, se pacten outras condicións. As festas laborables terán carácter retribuído e non recuperable. Cando coincida o persoal de ruta con festa local, a empresa compensará ese día co descanso do día seguinte, sempre e cando este non sexa festivo, en cuxo caso pasará ao seguinte día.

Denominación convenio	Vixencia - Ultraactividade	Cláusulas sobre xornada
COMERCIO DE ELEMENTOS DO METAL <i>Código 32000125011981</i> CONVENIO 2023 - 2024 (BOP nº 150, 01/07/2023)	Artigo 2. Ámbito temporal A duración deste convenio será de dous anos, que comezará o 1 de xaneiro de 2023, e finalizará o 31 de decembro de 2024. Para os efectos económicos iniciárase o 1 de xaneiro de 2023. Artigo 3. Denuncia e prórroga Quedará automaticamente denunciado o convenio con tres meses de antelación ao seu vencemento e prorrogarase o actual convenio ata a entrada en vigor do seguinte Disposición adicional primeira No non regulado no convenio e salvo as remisións expresas neste a determinada normativa supletoria, estarase ao disposto con carácter xeral no Estatuto dos traballadores e demais normas que o desenvolven así como no acordo marco para a substitución da Ordenanza do comercio.	Artigo 7. Xornada de traballo A xornada de traballo máxima é de 40 horas semanais. As empresas expoñerán en cada centro de traballo o calendario laboral pactado que deberá incluír: horario de traballo diario, xornada, días de descanso e festivos. O Sábado Santo, o 24 e 31 de decembro, serán inhábiles neste sector, aqueles establecementos que por obrigacións comerciais permanezan abertos, deberán substituír estes por outros días, aínda cando só permanecesen abertos en xornada de mañá. Artigo 23. Delimitación de funcións A repartición de mercadoría en vehículos de ata 3.500 kg será función do mozo especializado. A persoa que realice as funcións de condutor/a, terá ao seu cargo vehículos que excedan dun peso máximo de 3.500 kg. A súa xornada non excederá de 40 horas semanais. O tempo máximo de conducción ininterrompida non poderá exceder de 4'1/2 horas e tras este período deberá realizar un descanso ininterrompido mínimo de 45 minutos. A repartición realizarase preferentemente dentro da xornada laboral e deberase aboar como horas extras o tempo que exceda daquela. Non poderán conducir máis de 9 horas diarias e deberá mediar un descanso mínimo entre xornadas de 12 horas. No que non estea especificamente regulado, estarase ao disposto nos regulamentos CE 3.820/85 e 3.821/85
COMERCIO DE MATERIAIS PARA A CONSTRUCCIÓN E SANEAMENTO <i>Código 32000965012003</i> CONVENIO 02019 - 2020 (BOP nº 110, 15/05/2019) Revisión salarial 2020 no BOP nº 164, 18/07/2020	Artigo. 3. Duración e prórroga. O convenio terá dous anos de vixencia, entrará en vigor o 1 xaneiro de 2019, finalizando o 31 de decembro de 2020. O convenio prorrogarase por períodos anuais mentres non sexa modificado por outro que o substitúa. Artigo 31. Lexislación subsidiaria. En todo o non expresamente previsto, estarase ao establecido no Estatuto dos traballadores, e demais disposicións de xeral ou especial aplicación.	Artigo 13. Xornada de traballo. A xornada laboral será de 40 horas semanais de traballo efectivo, que serán realizadas de luns a sábado e rexistradas mediante un sistema de control de presenza diario, entregándose un resumo do control mensual xunto co recibo de nómina. Os/as traballadores/as gozarán de descanso retribuído oábado santo e as tardes dos días 24 e 31 de decembro. Tamén gozarán como descanso retribuído o 18 de maio de 2019 e o 2 de maio de 2020. A empresa poderá distribuír irregularmente un 10% da xornada anual (182 horas), para adaptar a xornada segundo as súas necesidades produtivas ao longo do ano, a súa aplicación poderá afectar á xornada máxima semanal ou mensual, non ao máximo anual. Igualmente poderá afectar aos horarios diarios, respectando os límites previstos no Estatuto dos traballadores/as. A modificación do horario, por aplicación da distribución irregular da xornada, deberá ser avisada previamente ao traballador/a con sete días naturais de antelación. A nómina mensual do/a traballador/a terá a mesma contía distribúase ou non de forma irregular a xornada. O calendario laboral será exposto nun lugar visible (taboleiro de anuncios) para coñecemento de todos os/as traballadores/as. Artigo 14. Xornada de traballo en domingo e festivos. Todos/as aqueles/as traballadores/as que nas súas empresas, pola natureza dela, traballen os domingos ou festivos autorizados pola administración para o desenvolvemento da actividade comercial, compensarán as horas traballadas con descanso ao dobre do seu valor, ou ben, se media acordo entre a empresa e o/a traballador/a, haberá unha compensación económica do 150%.

Denominación convenio	Vixencia - Ultraactividade	Cláusulas sobre xornada
COMERCIO TÉXTIL <i>Código 32000145011981</i> CONVENIO 2023-2024 (BOP nº 191, 21/08/2023)	Artigo 3. Vixencia, duración e denuncia O convenio colectivo iniciará a súa vixencia o 1/01/2023 e finalizará o 31/12/2024, sendo de aplicación na súa totalidade ata que se asine outro que o substitúa. Finalizada a súa vixencia entenderase automaticamente denunciado. Terceira. Dereito supletorio No non pactado expresamente que afecte as relacións laborais, estarase ao disposto na normativa aplicable en cada momento.	Artigo 12. Xornada laboral A xornada laboral será de 40 horas semanais. O persoal terá dereito a día e medio de descanso ininterrompido que comprenderá a tarde do sábado e o domingo ou ben a mañá do luns, salvo que por acordo entre empresa e traballador se pacte o goce dese medio día en calquera outro día da semana. Cando a xornada diaria continuada exceda de 5 horas, os traballadores gozarán durante a mesma dun descanso retribuído de 20 minutos. En xornadas intensivas de 8 ou máis horas corresponderá un descanso de 30 minutos dos que 20 serán retribuídos (ambos os descansos non serán acumulativos) Preferiblemente a xornada dos traballadores que teñan xornada intensiva a xornada completa terminase na quenda de mañá ás 15.30 horas e ás 14:30 horas se se trata de xornada a tempo parcial, só neste último caso, o persoal percibirá unha compensación do 50% do valor da hora ordinaria polas horas que realicen a partir das 15.00 horas e dun 30%, do tempo que exceda desde as 14.30 horas. O persoal cuxos centros de traballo permanezan abertos os sábados pola tarde, con xornada partida terán dereito a descansar un sábado pola tarde ao mes, sen que iso implique unha redución de xornada na semana que corresponda ao devandito descanso. O persoal que traballe en establecementos nos que o sábado permanezan abertos con xornada continuada durante todo o ano, terán dereito a dez sábados libres ao ano, (excluíndo o mes de decembro). A libranza deste día farase de común acordo entre empresa e traballador, podendo denegarse por causas organizativas, debendo garantirse en calquera caso o seu goce ao longo de todo o ano. En 2023, corresponderá un día por cada mes completo que reste desde a publicación ata final de ano, excluíndo o mes de decembro. Os 10 sábados libres anuais correspondentes a 2024 para cada traballador/a deberanse reflectir no cuadrante anual de horarios. O goce destes días non suporá unha redución de xornada. As persoas afectadas por este convenio terán dereito a tres días laborables e non recuperables, como consecuencia da aplicación do calendario laboral. Dos tres días de asunto propios que ten o persoal, un deles non poderá acumularse a vacacións, festivos ou períodos de máis vendas para o comercio, negociándose en calquera caso as datas da súa goce de común acordo coa empresa. Artigo 13. Rexistro de xornada Todo o persoal rexistrará diariamente a súa xornada, tomando en consideración os seguintes puntos: 1. O sistema debe ser fiable, non manipulable e accesible para cada traballador de forma individual, para a representación legal dos traballadores e para a Inspección de Traballo. 2. O rexistro ten que ser individual e diario, rexistrando a hora de entrada, a hora de saída e o total de horas realizadas na xornada; de forma que se poida diferenciar entre horas ordinarias e horas extraordinarias dos traballadores de xornada completa, ou horas ordinarias e horas complementarias dos traballadores de xornada parcial. Nas xornadas partidas deberán figurar rexistradas, as horas de saída na quenda de mañá e as horas de entrada na quenda de tarde. 3. O rexistro de xornada poderá ser contrastado co calendario laboral individual de cada traballador, no que figuren quendas e horarios individuais, e que figura exposto no taboleiro de empregados, ao dispor de traballadores, representación legal destes e Inspección de Traballo. 4. A empresa ten a obrigação de manter un arquivo da documentación de rexistro de xornada, durante catro anos, á disposición de cada empregado de forma individual, da RLT e da Inspección de Traballo. 5. En ningún caso a empresa poderá negar información relativa ao rexistro de xornada, ou á documentación arquivada sobre o rexistro de xornada amparándose na Lei de protección de datos cando sexa solicitada por cada traballador de forma individual, RLT ou pola Inspección de Traballo. 6. Cada empregado poderá contar, de forma simultánea coa nómina, dun recibo mensual do seu rexistro de xornada. 7. Aqueles traballadores que realicen a súa xornada ou parte dela fóra dun centro físico de traballo deberán ter un soporte telemático, facilitado pola empresa, para poder realizar a fichaxe. Artigo 14. Traballo en domingos e festivos Cando a empresa decida abrir o seu establecemento nos domingos ou festivos permitidos pola Xunta de Galicia deberá ter en conta que: · Ningún traballador poderá realizar unha xornada laboral superior a 7 horas. · As horas realizadas nesta xornada festiva, terán a consideración de horas extras, debéndose compensar como tal cando coa súa realización supérese a xornada pactada de 40 horas semanais establecida no anterior artigo. Por cada sete horas traballadas, compensaranse a razón de 8 horas. Non serán consideradas como extraordinarias as horas realizadas nestas datas polo persoal contratado para traballar especificamente estes días. · Cada traballador non poderá traballar máis do 60%, dos días festivos ou domingos nos que este permitida a apertura cada ano

Denominación convenio	Vixencia - Ultraactividade	Cláusulas sobre xornada
CONSTRUCCIÓN <i>Código 32000155011981</i> CONVENIO 2022 - 2026 (BOP nº 193, 23/08/2023) Calendario laboral 2024 publicado no BOP nº 5, 05/01/2024 Acta de acordo da Revisión salarial 2024 e Acta de acordo da Aportación ao Plan de pensións para os anos 2022, 2023 e 2024 publicadas no BOP nº 33, 15/02/2024 Calendario laboral 2025 publicado no BOP nº 232, 02/12/2024	Artigo 3.º Vixencia O presente convenio substitúe e anula os anteriores acordos vixentes, e entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022 e expira o 31 de decembro de 2026. Artigo 4.º Denuncia A denuncia será sempre expresa e por escrito, e cunha antelación mínima dun mes á data do seu vencemento ou de calquera das súas prórrogas, no seu caso. Unha vez denunciado o convenio, e ata tanto non se logre acordo expreso, perderán vixencia soamente as súas cláusulas obrigacionais, manténdose en vigor o seu contido normativo. Artigo 6.º Lexislación complementaria No non establecido neste convenio, estarase ao que dispoñan o CGSC e as demais fontes do dereito, respectando o seu principio xerárquico.	Artigo 9.º Xornada laboral Establécese unha xornada laboral anual de 1.736 horas de traballo efectivo. Unha xornada laboral de corenta horas semanas de traballo efectivo, distribuídas en oito horas diarias de luns a venres, ambos os dous incluídos. Para axustar o calendario laboral anual neste exercicio 2023, fíxanse como días non laborais: 20 de febreiro, 10 de abril, 24 de xullo, 14 de agosto, 13 de outubro, 10 de novembro (exclusivo para o Concello de Ourense), 7, 22 e 26 de decembro. Logo do acordo entre empresa e persoas traballadoras, as ditas datas poden ser permutadas por outras. Cando un festivo local coincida con algún festivo de convenio, este pasarase ao anterior ou posterior día laboral. Estes días así establecidos non computarán a efecto do goce das vacacións. Para fixar os días que correspondan para axustar xornada en 2024 a 2026, a Comisión paritaria reunirase no mes de novembro de cada ano. Para adaptar o traballo e a xornada aos fenómenos meteorolóxicos adversos terase en conta o que dispón o Real decreto- lei 4/2023, do 11 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes en materia agraria e de augas en resposta á seca e ao agravamento das condicións do sector primario derivado do conflito bélico en Ucraína e das condicións climatolóxicas, así como de promoción do uso do transporte público colectivo terrestre por parte dos mozos e prevención de riscos laborais en episodios de elevadas temperaturas
EMPRESAS CONCESIONARIAS DE SERVIZOS MUNICIPAIS DE INMOBILIZACIÓN, RETIRADA DA VÍA PÚBLICA, TRASLADO E DEPÓSITO DE VEHÍCULOS <i>Código 32000865012001</i> CONVENIO 2008-2010 (BOP nº 75, 02/04/2008)	Artigo 3. - Ámbito temporal. Este convenio entrará en vigor para todos os efectos o 1 de xaneiro de 2008 e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2010. Finalizada a vixencia inicial deste e se calquera das partes non o denuncia no tempo e na forma pertinentes, entenderase prorrogado automaticamente por períodos dun ano, incrementándose os salarios do mesmo modo, conforme ao IPC real do ano anterior. A denuncia deste convenio deberá efectuarse con tres meses de antelación á data de finalización da súa vixencia, mediante comunicación escrita á outra parte e á autoridade laboral competente. Denunciado o convenio, se as negociacións do novo convenio se estendesen máis ala da data de finalización de vixencia, o convenio entenderase prorrogado ata a entrada en vigor do novo texto. Artigo 56. - Dereito supletorio Para o non previsto neste convenio as parte remítense ao disposto no Real decreto lexislativo 1/1995, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.	Artigo 12. - Xornada. A xornada máxima para as empresas e traballadores afectados por este convenio será de 1.760 horas. Respectando esta xornada anual as empresas poderán acordar a súa distribución irregular. Cando a empresa determine a distribución irregular, que será de obrigado cumprimento para todos os traballadores, a xornada poderá alcanzar unha duración máxima de doce horas diarias, respectando sempre o mínimo legal de descanso entre xornadas. O exceso de horas traballadas compensarase con descanso en igual número de horas nos períodos de menor produción que determine a empresa. A xornada diaria poderá ser partida ou continuada. Os traballadores que realicen xornada continuada terán dereito a gozar dun período de descanso de 30 minutos. Entre o final dunha xornada e o comezo da seguinte deberán transcorrer como mínimo 12 horas. A organización e ordenación do traballo é competencia da empresa, se ben esta dará a coñecer aos seus traballadores os cuadrantes de traballo, mediante anuncio exposto no taboleiro de cada centro, cunha antelación mínima de quince días.

Denominación convenio	Vixencia - Ultraactividade	Cláusulas sobre xornada
FABRICANTES DE CADALEITOS <i>Código 32000045011981</i> CONVENIO 2002 (BOP nº 206, 07/09/2002)	Artigo 3.- Entrada en vigor As estipulacións deste convenio entrarán en vigor o día do seu asinamento. Non obstante os efectos económicos deste retrotaeranse ó 1 de xaneiro do ano 2002. O convenio entenderase prorrogado tacitamente de ano en ano, mentres non sexa denunciado por calquera das partes cunha antelación mínima de tres meses ó vencemento do prazo de duración pactado ou de calquera das prórrogas. A denuncia deberá facerse mediante comunicación escrita á outra parte na que se fará consta-la representación que posúe e as materias obxecto de negociación. Artigo 4.- Duración Este convenio rematará para tódolos efectos o 31 de decembro de 2002, manténdose o articulado ata asinar un novo convenio.	Artigo 9.- Xornada laboral. A duración da xornada laboral de traballo efectivo neste convenio colectivo será no ano 2002 de 1.768 horas. A dita xornada considerarase de traballo efectivo. Artigo 10.- Calendario laboral. Para axustar o calendario laboral á xornada anual para o ano 2002, fíxanse como días libres aboables e non recuperables os seguintes: 26 de xullo, 10 de setembro, 24, 30 e 31 de decembro de 2002, agás acordo entre empresa e traballadores, os cales poderán convi-la fixación doutros distintos. As empresas confeccionarán o calendario laboral de acordo cos representantes dos traballadores, nos prazos e condicións establecidas na lexislación vixente.
FABRICANTES DE MOBLES, CARPINTERÍA, TAPICERÍA E EBANISTERÍA <i>Código 32000185011982</i> CONVENIO 2012 - 2013 (BOP Nº 283, 11/12/2013) Calendario Laboral 2014 no BOP nº 154, 07/07/2014 Calendario laboral 2015 no BOP nº 40, 19/02/2015	Artigo 2.- Ámbito temporal O presente convenio terá vixencia por dous anos, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2012 e finalizando o 31 de decembro de 2013, mantendo a súa vixencia, mentres non se negocie outro que o substitúa. O convenio denunciarase con tres meses de antelación á finalización da vixencia. A forma de denuncia será por medio de comunicación dunha parte á outra, na que se fará constar a pretensión de denunciar o convenio, a representación que ten para negociar, así como as materias que se negociarán.. Artigo 18.- Dereito supletorio No non previsto, será aplicable o Estatuto dos traballadores e o IV Convenio Estatal da Madeira, asinado por UXT, CCOO e CONFEMADERA, como dereito de directa aplicación para todas aquelas cuestións non recollidas no presente convenio e que afectan aos traballadores neste ámbito territorial.	Artigo 4.- Xornada laboral A duración da xornada anual de traballo efectivo no presente convenio colectivo será en 2013 de 1.752 horas. A dita xornada considerarase de traballo efectivo e desenvolverase de luns a venres. Co fin de axustar o calendario laboral do 2013, correspóndenlles aos traballadores 8 días libres, tendo esta consideración: 11 e 31 de outubro, 23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro. En ningún caso estes días poderán coincidir coas vacacións. Estes días poderán ser substituídos por outro de mutuo acordo entre empresa e traballador.

Denominación convenio	Vixencia - Ultraactividade	Cláusulas sobre xornada
HOSTALERÍA <i>Código 32000215011981</i> CONVENIO 2022-2024 (BOP nº 106, 10/05/2022) Táboas salariais 2023 publicadas no BOP nº 260, 13/11/2023 Táboas salariais 2024 publicadas no BOP nº 53, 14/03/2024	Artigo 2. Vixencia e duración A duración deste convenio será de 3 anos, con vixencia desde o día 1 de xaneiro de 2022 ao 31 de decembro de 2024 para todos os efectos, incluídos os económicos. Todo isto con independencia do seu rexistro pola autoridade laboral e publicación no BOP, salvo as excepcións indicadas no propio texto. Artigo 3. Denuncia e prorroga O convenio quedará denunciado automaticamente con tres meses de antelación ao seu vencemento e prorrogarase o actual convenio ata a entrada en vigor do seguinte. A súa negociación efectuarase ao mes seguinte do seu vencemento ou, como máximo, aos dous meses de seren convocadas as partes para constituír a mesa negociadora. Todos os artigos deste convenio permanecerán vixentes ata que exista outro convenio que o substitúa. Disposición adicional Terceira. En todo o non especificado neste convenio observarse o disposto no Acordo laboral de ámbito estatal para o sector de hostalaría.	Artigo 6. Xornada A xornada máxima de traballo para o persoal afectado por este convenio para os anos de vixencia será de 40 horas semanais. A xornada diaria non poderá ser superior ás 9 horas diarias. No suposto de que as circunstancias económicas da empresa puidesen afectar á estabilidade no emprego, a Comisión paritaria regulará unha porcentaxe máxima de ata o 5% de distribución irregular da xornada en cómputo anual. Na xornada continuada computarase a media hora de comida como xornada efectivamente traballada. Artigo 7. Horarios A elaboración e fixación de horarios de traballo será de común acordo entre a empresa e os traballadores, a través dos seus delegados de persoal ou comités de empresa, os cales desfrutarán os 15 días laborais antes da súa aceptación para consultas de traballadores e demais organismos que consideren oportunos: a). Os ditos cadros horarios deberán estar expostos en lugar visible, e deberán sinalar a hora de entrada e saída, descanso diario e semanal e horarios das quendas. b). Os cadros horarios deberán estar permanentemente expostos en sitios visibles nos centros de traballo. c). Tales cadros horarios teñen que estar conformes co establecido no artigo 6 deste convenio, en canto á xornada máxima. d).- Os empresarios estarán obrigados a fixar un horario especial para os traballadores que realicen cursos de formación profesional de hostalaría, para os efectos de que sexa posible asistir aos citados cursos. e) Establecerase control horario segundo a lexislación vixente. Artigo 9. Descanso diario Entre a terminación dunha xornada e comezo doutra deberá existir un intervalo como mínimo de 12 horas. Artigo 10. Descanso semanal Os traballadores terán dereito a un descanso semanal mínimo de día e medio ininterrompido, atendéndose para o seu disfrute ao establecido na lexislación vixente.
INDUSTRIAS VITIVINÍCOLAS, ALCOHOLEIRAS E SIDREIRAS <i>Código 32100264012024</i> <i>Nota: Existían convenios anteriores rexistrados con código 32000875012000</i> CONVENIO 2024 - 2025 (BOP nº 113, 12/06/2024)	Artigo 3. Ámbito temporal Este convenio entrará en vigor para todos os efectos o 1 de xaneiro de 2024 e a súa duración será de dous anos, é dicir, ata o 31 de decembro de 2025. Transcorrido o seu prazo inicial, entenderase prorrogado por períodos dun ano, salvo que algunha das partes o denuncie por escrito á outra, con tres meses de antelación á data de finalización do seu mandato, expresando na reclamación as cuestións obxecto de negociación. Artigo 28. Dereito supletorio No non previsto, será de aplicación o Laudo Arbitral ditado en substitución da Ordenanza laboral para as industrias vitivinícolas, alcoholeiras, licoreiras e sidreiras, e o disposto no Real decreto lexislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores.	Artigo 8. Xornada A xornada laboral será de 40 horas semanais de traballo efectivo, distribuídas de luns a venres, de media anual. Respectando o número de horas anuais de traballo, así como os períodos mínimos de descanso diario ou semanal, cada empresa poderá realizar a distribución irregular da xornada. O número de horas anuais que se poderá aplicar á distribución irregular da xornada non poderá superar as 130, tendo en conta que a xornada diaria só poderá alcanzar as nove horas nun máximo de 25 días ao ano. A distribución irregular da xornada poderá realizarse para o período de vendima, así como para atender labores de embotellado, pedidos puntuais ou circunstancias similares ao longo do ano. O exceso de horas traballadas compensarase con descanso no mesmo número de horas nos períodos de menor produción que determine a empresa. A empresa comunicará a xornada irregular mediante anuncio no taboleiro, cunha antelación mínima de sete días. Haberá días libres no sector os días 24 e 31 de decembro, se por necesidades da empresa o persoal ten que ir ao traballo terá dereito a gozar dun ou dos dous días libres noutra data.

Denominación convenio	Vixencia - Ultraactividade	Cláusulas sobre xornada
LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS <i>Código 32100275012024</i> <i>Nota: Existían convenios anteriores rexistrados con código 32000225011981</i> CONVENIO 2023-2026 (BOP nº 141, 22/07/2024)	Artigo 3. Vixencia e duración O convenio comezará a rexer o 1 de xaneiro de 2023 e rematará a 31 de decembro de 2026, e manterá a súa vixencia mentres non sexa substituído por outro. En calquera caso, o seu articulado quedará vixente ata a súa substitución por outro convenio. Este convenio prorrogarase tacitamente, de ano en ano, se calquera das partes non o denuncia con 3 meses de antelación á finalización da súa vixencia. A fórmula de denuncia será por medio de comunicación da parte denunciante á outra parte, na que se expresará o desexo de denunciar e negociar un novo convenio.	Artigo 10. Xornada de traballo A xornada laboral será de 40 horas semanais e entenderanse como traballados os 20 minutos de bocadillo. O persoal que preste os seus servizos en varios centros de traballo coincidindo a hora de entrada e a hora de saída ou houbese unha diferenza inferior a 30 minutos como consecuencia do desprazamento, pospoñerase a hora de entrada o tempo suficiente para chegar ao devandito centro e sempre que o devandito centro o permita, sen redución de xornada. Artigo 11. Festivos O traballador/a que realice a súa xornada laboral en domingo ou festivo, de mutuo acordo coa empresa, poderá: a) Ter en compensación, 1 día de descanso semanal. b) Percibir o aboamento correspondente. c) Acumular o descanso aos días de vacacións, ata un máximo de 5 días.
